

5.—Garantías: Provisional (2% do prezo de licitación: 2.061,92 euros). Definitiva: (4% do importe da adxudicación).

6.—Obtención de información: Secretaría Xeral do Concello de Ponteareas, en horas de oficina. Teléfono: 986 640 000.

7.—Requisitos xerais do contratista sinalados no prego de condicións administrativas.

8.—Presentación de proposicións:

a) Prazo e lugar: Durante os 26 días hábiles dende o seguinte ao de publicación deste anuncio no último dos boletíns no que apareza (BOP ou DOG). Das 9,00 ás 13,00 horas, de luns a sábado, no rexistro xeral do Concello de Ponteareas ou da forma sinalada no prego de condicións. En todo caso cando o último día do prazo coincida en sábado, domingo ou festivo entederase prorrogado ata o día hábil seguinte.

Se algunha das ofertas foran presentadas por correo, deberá porse esta circunstancia en coñecemento do órgano de contratación mediante a remisión no mesmo día dun fax, telex ou telegrama no que se faga constar o contrato polo que se opta e o feito da presentación por correo da oferta. En todo caso, transcorridos 10 días dende a data indicada sen ter recibida a documentación, ésta non será admitida en ningún caso.

b) Documentación que hai que presentar: As proposicións constarán de 2 sobres pechados: A e B (documentación administrativa e oferta económica), coa documentación que se sinala no prego de condicións.

9.—Apertura de ofertas: o 5º día hábil que siga ao último do prazo de presentación de proposicións, sempre que non sexa sábado.

10.—Gastos de anuncios: Por conta do adxudicatario.

11.—Modelo de proposición: A contida no prego de condicións.

Ponteareas, 1 de xuño de 2005.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2005006386**

* * *

RODEIRO

E D I C T O

Sendo aprobada de xeito definitivo a ordenanza reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no concello de Rodeiro, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase como anexo o texto íntegro da mesma, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da devandita Lei.

ANEXO

ORDENANZA XERAL REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO CONCELLO DE RODEIRO

Exposición de motivos

Unha das manifestacións máis importantes da actividade financeira do sector público canalízase a través do outorgamento de subvencións, coa finalidade principal de dar resposta as demandas sociais e económicas de persoas, entidades ou asociacións, públicas e privadas.

Dende a perspectiva económica, as subvencións constitúen unha modalidade de gasto público e, polo tanto, deben someterse ás directrices da política orzamentaria, orientada na actualidade aos criterios de crecemento, desenvolvemento en tódolos sectores, estabilidade e equilibrio orzamentario.

Definido este marco xeral do equilibrio orzamentario, que impide ás administracións públicas en xeral e á administración local en particular gastar máis do recadado, faise necesario, ó abeiro da potestade regulamentaria ou de autoorganización que se atribúe ás entidades locais no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local traslada-los principios xerais desta política ao ámbito local.

Deste xeito, en cumprimento destas ideas e co obxectivo de axustarse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o concello de Rodeiro aproba a presente ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións.

Art. 1.—Obxecto

1. As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións por parte do Concello de Rodeiro a aquelas asociacións, clubs e entidades que as soliciten en réxime de concorrencia libre, así como establecer uns criterios claros e xustos de reparto das partidas económicas que se dediquen a fomentar actividades nos eidos do asociacionismo, a cultura, o deporte, a educación u outros que poidan ser consideradas de Interese Social para o concello de Rodeiro, dirixidas á poboación en xeral.

2. Considérase subvención calquera auxilio directo ou indirecto, susceptible de valoración económica, a expensas da entidade local que outorgue a corporación, sempre que:

—A entrega se realice sen contraprestación.

—Se atope suxeitao cumprimento dun determinado obxectivo, actividades ou proxecto.

—O seu obxecto sexa o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Art. 2.—Beneficiarios

Poderán solicita-la subvencións obxecto desta ordenanza calquera persoa física ou xurídica que cumpra os seguintes requisitos:

1. Entidades:

a) Que a súa sede social radique no termo municipal de Rodeiro, desenvolvéndose de xeito prioritario o exercicio da súa actividade neste Concello, con preferencia das inscritas no rexistro municipal de asociacións que cumpran co establecido no seu regulamento regulador.

b) Que se atopen constituídas sen ánimo de lucro.

c) Ter xustificadas as subvencións concedidas en ocasións anteriores polo Concello.

2. Persoas físicas:

a) Que estean empadroadas no Concello de Rodeiro.

b) A título particular ou en representación particular dun grupo para iniciativas de carácter esporádico e de interese social, sen finalidade de lucro, debendo neste último caso de presentarse documento xustificativo da composición do grupo, no que consten os compromisos asumidos por cada un dos seus membros.

Art. 3.—Previsión Orzamentaria

1. No suposto de que o concello de Rodeiro destinará unha partida económica diferente para cada categoría das reflectidas nas presentes bases, cada asociación só podera optar a subvención por cada unha das categorías establecidas.

2. As subvencións concedidas conforme ao disposto nesta ordenanza outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias que, para estes efectos, se establezan cada ano no orzamento xeral do concello de Rodeiro.

3. A Xunta de Goberno Local aprobará anualmente as bases específicas de cada unha das convocatorias a realizar, nas que se incluírán os criterios específicos para o reparto das mesmas, así como as condicións específicas a cumprir para optar por cada categoría.

Art. 4.—Contía e límite das subvencións

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes. A subvención non poderá exceder do 80% do custo da actividade á que se aplique,

incluíndo no calculo totalas subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos como privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada podera ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

Art. 5.—Criterios de clasificación

A efectos de establecer uns baremos máis exactos que permitan unha valoración máis axustada e real das diferentes solicitudes presentadas nas presentes bases establécense as seguintes categorías para clasificar as diferentes entidades susceptibles de ser subvencionadas:

1. Clubes deportivos: Todas aquelas entidades que a súa actividade principal sexa o fomento do deporte, e que conten con alomenos algún equipo deportivo federado e con actividade.

2. Asociacións de carácter veciñal, parroquial e xuvenil: Tódalas asociacións que desenrolem as súas actividades, tendo como referencia e destino das mesmas a unha parroquia ou lugar do concello de Rodeiro ou a xuventude.

3. Entidades músico-culturais, culturais ou de defensa do medioambiente: Tódalas asociacións sen fin de lucro, nas que súa actividade principal sexa a ensinanza musical, a promoción da cultura, a preservación das tradicións ou a conservación do medio ambiente.

4. Entidades de carácter social e humanitarias: Tódalas entidades que promovan servizos de carácter social e humanitario para colectivos ou persoas con necesidades, domiciliadas no concello de Rodeiro.

Art. 6.—Comisión cualificadora

Para a interpretación das presentes bases, a fixación dos criterios de reparto de subvencións, así como tamén para a valoración das distintas solicitudes presentadas no Concello constituirase unha comisión cualificadora que estará presidida polo alcalde e integrada por los concelleiros membros da Xunta Local de Goberno máis o concelleiro-delegado nas materias obxecto de subvención, no caso de non formar parte da devandita Xunta.

O Secretario Xeral do Concello ou funcionario en quen delegue asistirá a mesma con voz e sen voto.

Art. 7.—Prazo de presentación de solicitudes

1. A instancia coa documentación solicitando a subvención presentárase no Rexistro Xeral do concello do Rodeiro no prazo de corenta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia, ou en calquera das formas previstas no art. 3.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase aos interesados para que no prazo de dez días enmen-den as anomalías advertidas, procedéndose, no caso contrario, ao arquivo da solicitude.

3. A apertura do prazo así como os requisitos esixidos e os criterios de cualificación das solicitudes serán comunicados as entidades que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións sen Ánimo de Lucro.

Art. 8.—Solicitudes e documentación a achegar

As asociacións, entidades ou interesados en obter subvencións do Concello de Rodeiro deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Solicitude dirixida á alcaldía e presentada no Rexistro Xeral do Concello.
- b) Fotocopia do DNI da persoa asinante da solicitude. No caso de persoas xurídicas, fotocopia do código de identificación fiscal (CIF), sendo necesario acreditar a condición de apoderado ou comparecente do asinante.
- c) Certificación bancaria da conta á que se poderá transferir-lo importe da subvención.
- d) Declaración xurada do solicitante na que exprese o seu compromiso de aplicar-lo importe da axuda ás actuacións subvencionadas; de comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención, de entes públicos ou privados, para a mesma finalidade; de que non xera ningún lucro; de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e, de non ter debidas pendentes coa facenda estatal e autonómica nin coa Seguridade Social.
- e) Proxecto explicativo das accións que se pretenden realizar con especificación, entre outros, de: data, lugar de celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos da mesma e estimación dos benefi-

ciarios, así como da acreditación de ter realizado esta actividade con anterioridade ou vontade de continuar a celebrala no tempo.

f) Orzamentos de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e ingresos.

g) No caso de asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello, serán de aplicación o previsto no Regulamento Regulador do rexistro municipal de asociacións do Concello.

Se as solicitudes non reunisen os requisitos esixidos ou non se achegase a documentación referida, requirirase ó interesado para que subsane as deficiencias nun determinado prazo (se na convocatoria non se establece un prazo específico, éste será de dez días), advertíndolle que, en caso contrario, se lle terá por desistido da súa solicitude nos termos previstos no art. 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Art. 9.—Obrigas do beneficiario

Son obrigas dos beneficiarios:

- a) Executa lo proxecto ou actividade subvencionada.
- b) Notificarlle ao Concello as datas de realización das actividades por si, entre outras motivos, fose necesario contar con representación institucional nas mesmas.
- c) Comunicar calquera eventualidade que se produza na realización das actividades.
- d) Responder legalmente sobre a falla de veracidade dos datos expostos ou do incumprimento das presentes bases.
- e) Acreditar debidamente a realización das actividades e cumprir os requisitos de xustificación que se establecen nas presentes bases.

Art. 10.—Estudio e resolución de solicitudes

O estudio e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase tras o estudio do bloque de solicitudes presentada en cada categoría.

Unha vez que realicen tódolos trámites relacionados con cada solicitude, a Comisión cualificada elaborará proposta de resolución que, previo informe de Intervención, serán resoltas polo órgano competente no procedemento concedendo ou denegando a subvención.

Na resolución, caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pago, programa afectado e condicións nas que se outorga.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día

seguinte ao do remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

Art. 11.—Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación de concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de Rodeiro, cos medios que estime oportunos e facilitará canta información sexa requirida polo Consello de Contas, de ser o caso. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Admministracións, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.

Art. 12.—Xustificación e aboamento

1. Os beneficiarios de subvención do Concello de Rodeiro deberán xustificar a execución das actividades para as que solicitaron subvención antes do 30 de novembro do ano en curso. Para as actividades a desenrolar no mes de decembro o prazo de xustificación remata o 1 de febreiro do ano seguinte.

De non realizarse a xustificación do xeito que se establecen nas presentes bases perderase o dereito a percibir a axuda.

A documentación xustificativa será a seguinte:

a) Memoria das actividades desenroladas ao longo do ano e que foron obxecto de subvención que conteda o número de persoas beneficiarias, directa ou indirectamente das actividades.

b) Facturas orixinais e fotocopias, que serán compulsadas polo Concello, devolvendo as primeiras ó peticionario. Nas facturas deixárase constancia de que foron empregadas como xustificante da subvención percibida, especificando a convocatoria correspondente. En todo caso as facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro, estar datadas no exercicio económico para o que se concede a subvención, conte-lo selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pagamento, conter o número de identificación fiscal do preceptor e axustarse ó orzamento presentado ó formula-la solicitude. Non se admitirá

como xustificación ningún gasto realizado para o cumprimento de fins distintos para os que se concedeu a subvención.

c) Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

d) Declaración xurada sobre o conxunto de axudas recibidas da admimstración pública para a realización da actividade para a que solicitou axuda no Concello.

e) Cando se realicen pagamentos a entidades que teñan que presenta-la declaración do IVE, a xustificación deberá vir acompañada da factura correspondente ou duplicado desta. O IVE non será subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

f) Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade na que conste o patrocinio do Concello de Rodeiro.

2. No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención; no caso de que se xustifique gasto inferior ó 100% e polo menos do 50% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención; no caso de que se xustifique gasto inferior ó 50% do orzamento subvencionado non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

3. No suposto de que a subvención teña destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, pago de premios ou pago de dietas, a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagos a persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificárase a través da nómina correspondente, acompañada dos TCs.

4. Previo ó pago da cantidade concedida comprobarase de oficio que as entidades beneficiarias non teñen débedas tributarias pendentes con este Concello. Neste suposto procederase ó seu cobro por compensación mediante a súa deducción da obriga de pago.

5. A autorización do pagamento da subvención acordada pola comisión cualificadora corresponde á Xunta de Goberno Local, que a vista da documentación presentada poderá denegar o pagamento en caso de incumprimento das presentes bases, informándolle a Comisión Cualificadora.

Art. 13.—Reintegro de subvencións

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade ou ausencia de xustificacións

das mesmas nos termos contemplados nas presentes bases, o Concello de Rodeiro esixirá os beneficiarios da mesma o reintegro das cantidades correspondentes.

Art. 14.—Patrocinio

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a realizar a súa propaganda en lingua galega e a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo do programa ou actividade subvencionada, mencion expresa do patrocinio da concellería competente do Concello de Rodeiro, e achegarán copia dos mesmos.

Terá que incluírse o logo da concellería xunto co escudo do Concello de Rodeiro, sendo do mesmo tamaño, como mínimo, ao doutros posibles patrocinadores, cando a achega económica destes non sexa superior a subvención concedida pola institución municipal.

O incumprimento destas cláusulas pode comportar a perda inmediata do dereito á subvención.

Art. 15.—Réxime sancionador

En todo o referente ó réxime sancionador atéranse ó disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Art 16.—Recursos

Contra o acordo de concesión ou denegación, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o órgano correspondente, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da recepción da resolución polo solicitante, segundo dispoñen os art. 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira

O órgano competente para o outorgamento da subvención realizará o oportuno seguimento das actividades subvencionadas, podendo solicitar en calquera momento as explicacións e documentación que considere oportunas.

Disposición adicional segunda

Será competencia da alcaldía, previa consulta á Comisión Cualificadora, a interpretación e resolución de dúbidas que da presente ordenanza poidan resultar, así como de todo aquilo que non figure nas mesmas, sempre atendendo ao cumprimento do disposto ao respecto na lexislación vixente.

Disposición adicional terceira

A concesión de subvencións ás que se refíre a presente ordenanza non implicará relación contractual de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria.

Disposición adicional cuarta

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as subvencións que o Concello poida outorgar e que tiveran o seu fundamento en convenios ou decisións específicas subscritas polo Concello con outras administracións públicas ou institucións públicas de todo tipo. Así mesmo, non será de aplicación para actuacións ou actividades de iniciativa municipal en materias da súa competencia, sempre que o seu outorgamento sexa conforme á legalidade, e as incluídas no artigo 4 da Lei xeral de subvencións.

Disposición adicional quinta

En todo no previsto nesta ordenanza xeral, esterase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e normativa complementaria.

Disposición final

Esta ordenanza xeral entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Rodeiro, 21 de xuño de 2005.—O Alcalde en funcións, José Luis Fernández Fafián, o Secretario, José M^a Novo Ramos. **2005006143**

E D I C T O

Sendo aprobado de xeito definitivo o Regulamento do Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades sen ánimo de lucro, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase como anexo o texto íntegro da mesma, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da devandita Lei.

ANEXO

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Exposición de motivos

Un dos fenómenos máis estendidos na sociedade moderna é o do asociacionismo. Isto supón que as múltiples actividades da vida dos veciños, xa sexan de carácter social, cultural, deportivo, etc., as reali-

zan en común as persoas interesadas no marco dunha persoa xurídica de carácter asociativo.

As asociacións teñen unha grande importancia no ámbito local como canle de participación pública dos veciños. Neste senso, a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, profundiza no marco normativo existente na lexislación do réxime local en diversos aspectos, sendo uns dos principios o da participación veciñal nos asuntos municipais.

O Concello de Rodeiro, desexando dotar ás asociacións de todo tipo de existentes no termo municipal dunha canle axeitada para poder participar nos asuntos municipais que afecten ao seu réxime xurídico, dereitos e deberes, aproba o seguinte Regulamento do Rexistro de Asociacións do Concello de Rodeiro.

Artigo 1

Constitúese o rexistro de asociacións do Concello de Rodeiro, independente do rexistro xeral de asociacións, cos seguintes obxectivos:

- a) Establecer e definir un marco común de relación entre as asociacións existentes no termo municipal e o Concello de Rodeiro.
- b) Articula-la actuación subsidiaria en materias obxecto de interese común.
- c) Plasmar unha canle de colaboración entre o Concello e as referidas asociacións.
- d) Regulamenta-lo réxime de outorgamento de subvencións municipais a favor das asociacións, así como os requisitos ou obrigas mínimas para acceder a estas.

Artigo 2

Poderán obter do Concello de Rodeiro a condición de asociación municipal aquelas entidades que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Te-la natureza de persoa xurídica asociativa e estar debidamente inscrita no rexistro xeral de asociacións.
- b) Estar inscrita neste concepto no libro de rexistro de asociacións do Concello de Rodeiro, cumprindo tódolos trámites requiridos para a súa inscrición.
- c) Te-lo seu domicilio social situado no termo municipal.
- d) Ter como obxecto social calquera das seguintes actividades: social, cultural, deportiva, ecolóxica, didáctica, asistencial e humanitaria.

Artigo 3

1. Non poderán, en ningún caso, obter a condición de asociación municipal aquelas entidades que teñan finalidades susceptibles de lesiona-los derei-

tos e liberdades constitucionais, que sexan constitutivas de infracción penal, ou que, en xeral, sexan contrarias ao ordenamento xurídico vixente.

2. Tampouco poderán, en ningún caso, obter do Concello de Rodeiro a condición de asociación municipal aquelas entidades que teñan ánimo de lucro ou que, nas súas actuacións, persigan ou obteñan tal finalidade.

Artigo 4

Para a obtención da condición de asociación municipal ateranse ó seguinte procedemento:

1. O presidente da entidade deberá presentar no rexistro xeral do Concello a seguinte documentación:

- a) Instancia dirixidada ó alcalde na que solicite, en nome da entidade, a inscrición no rexistro municipal de asociacións.
- b) Certificación do órgano competente da entidade na que acorde solicitar do Concello a referida inscrición.
- c) Número de inscrición no rexistro xeral de asociacións.
- d) Copia dos seus estatutos, da acta de constitución, localización da sede social e relación dos membros que compoñen a directiva.
- e) Certificación do número de socios.
- f) Memoria das actividades realizadas pola entidade nos últimos anos.
- g) CIF
- h) Orzamento vixente da entidade.

2. No suposto de que a documentación sexa incompleta ou non reúna as condicións esixidas no apartado anterior, a Alcaldía requirirá á entidade para que proceda á súa rectificación, con advertencia de que de non proceder en tal sentido no prazo de 30 días, a petición terase, trala resolución da Alcaldía, por desistida e en consecuencia arquivada.

3. Trala cualificación da documentación validamente achegada, a Alcaldía disporá, mediante resolución, a inscrición da entidade no rexistro municipal de asociacións.

4. Esta resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición ante a propia Alcaldía, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en todo caso poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo, ante a xurisdicción competente nos termos e prazos para tal efecto establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 5

1. As asociacións inscritas que desexen obter axudas económicas do Concello de Rodeiro deberán presenta-la seguinte documentación:

- a) Instancia asinada polo presidente da entidade dirixida á alcaldía na que se solicite, en nome da entidade, o outorgamento da axuda de que se trate.
- b) Descrición e orzamento aproximado das actuacións que deban ser subvencionadas.
- c) De se-lo caso, certificación bancaria da conta a nome da asociación.
- d) Declaración xurada do presidente da entidade na que exprese o seu compromiso de aplicar o importe da axuda ás actuacións subvencionadas e que ningunha delas xerará lucro.

2. A Xunta de Goberno Local, trala valoración da documentación expresada no apartado anterior, e existindo consignación orzamentaria suficiente, mediante a correspondente resolución disporá o outorgamento da correspondente axuda.

3. A axuda referida no apartado anterior aboarse na conta corrente de titularidade da entidade, trala xustificación válida de tódolos gastos realizados e constatación de que a actividade non xerou ningún lucro.

Artigo 6

1. As entidades rexistradas poderán colaborar ou organizar conxuntamente co Concello de Rodeiro actividades de interese común.

2. Para a realización de actividades conxuntas con Concello, as entidades colaboradoras designarán a unha persoa membro desta en calidade de delegado e responsable.

3. Na realización de actividades conxuntas, o Concello de Rodeiro, en todo caso, exercerá a potestade de dirección superior, sen prexuízo da posibilidade de delegar no membro da entidade referido no apartado anterior as facultades necesarias para a organización e execución das actividades en cada caso previstas.

Artigo 7

1. Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido a tódolos veciños, as entidades inscritas poderán recibir no seu enderezo social, trala solicitude, as convocatorias dos órganos colexiados municipais que realicen sesións públicas cando na orde do día figuren asuntos relacionados co seu obxecto social.

2. As entidades rexistradas poderán solicitar e, de se-lo caso, obter do Concello a cesión gratuíta de terreos e/ou locais municipais, para a realización

das súas actuacións, nos termos impostos na correspondente resolución da alcaldía. No caso de denegarse a solicitude, será igualmente mediante resolución debidamente motivada.

3. Para os efectos de solicitar axudas económicas ó Concello ateranse ó disposto no artigo cinco do presente regulamento e na ordenanza reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, no que lle sexa de aplicación.

Artigo 8

1. As asociacións inscritas estarán obrigadas a actualizar tódolos anos os datos do rexistro e a notificar no prazo dun mes tódalas modificacións que se produzan.

2. O incumprimento por parte da asociación dos requisitos previstos neste regulamento poderá determinar, tralo trámite de audiencia e mediante resolución da Alcaldía, a baixa desta do rexistro e a obriga de reintegra-las axudas outorgadas polo Concello no exercicio corrente.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Rodeiro, 21 de xuño de 2005.—O Alcalde en funcións, José Luis Fernández Fafián, o Secretario, José M^a Novo Ramos. **2005006142**

E D I C T O

Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo e ordenanza fiscal provisionais reguladora da taxa por subministro de auga, aprobada polo pleno do concello na sesión celebrada o día 26 de abril de 2005, e non téndose presentada reclamación algunha contra a mesma, dito acordo así como a ordenanza fiscal anexa quedan elevados a definitivos, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 da devandita Lei, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderan interponer o correspondente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a Lei reguladora de dita xurisdicción.